

Faro da Cultura

Se din que os santos teñen oitava, cando se trata de conmemorar douce séculos do nacemento de algún persoero non vén dun mes máis ou dun mes menos. Xa que logo, se temos que adaptar as celebracións ao calendario que a temporada musical impón; é dicir, de outono a primavera. E isto está a suceder cos actos que lembran os douscentos anos do nacemento de Robert Schumann, toda vez que o ano do bicentenario se vai alongar deica o segundo trimestre de 2011. Polo menos no Auditori barcelonés, que lle vai dedicar un ciclo de doce concertos nada menos.

Trátase duns actos que teñen pouco que ver co segundo centenario do polónés

Frederic Chopin, celebrado no ano que acabamos de deixar e que pasou sen pena e apenas con algo de gloria. Quizais teña moito a ver con iso a recepción que de cadansúa música segue a ter o público das salas de concertos. Mientras o romántico alemán segue a ser sinónimo de elegancia e de intensidade lírica, Chopin pasa por sinónimo de cursi, cando non de melancólico. Contra este prexuízo, a música do polaco foi defendida xa hai anos polo lugués Bal e Gay en canto constituía unha verdadeira revolución na forma de entender as composicións para piano. Alén, no caso de Schumann axudou a esa mellor apreciación o feito de non ter un modelo "nacional" e de compor cancións (*lieder*) que fixeron que a súa música fose más coñecida.

Ademais de ter unha saúde delicada (sufría de transtorno bipolar e sífile), unha lesión no polgar –posiblemente autoinflixida por esixencia propia– impossibilitou a súa posterior carreira como concertista. Tivo que dedicarse, pois, ao ensino e á composición. Estas circunstancias fixeron de Schumann un arquétipo do artista romántico, se ben nunha dimensión distinta ás que conformaron o perfil de Chopin.

Nesta dobre percepción que o público (ou os programadores) teñen dos músicos románticos podemos atopar qué sobrevive daquel primeiro movemento estético que proclamou a modernidade. Á vista do comportamento dos circuitos musicais o único que queda é o esteticismo, con esquecemento dos valores forxadores do cambio.

Porén, cómpre non esquecer que o Romantismo, xa que logo na música e nas letras, supuxo a primeira manifestación ceibe de calquera dependencia do poder (quer político, quer relixioso). Daquela os artistas adquiriron definitivamente unha dimensión individual, de xenio persoal. Posiblemente ningún representou aquel espírito coma Charles Baudelaire, en tanto que poeta e, moi es-

pecialmente, como crítico de arte e da sociedade na que vivía.

Os artistas románticos levaban con eles o tedio de vivir nunha sociedade que seguía a ser inxusta. As revolucións de 1830 (especialmente a de Francia contra o absolutismo de Carlos X) e de 1848 en toda Europa, protagonizadas pola pequena burguesía e o proletariado contra a alta burguesía, provocaron

que os artistas colleseen un compromiso social alén da estrita ruptura estética. E se daquela Baudelaire estaba nas barricadas de París ou Chopin, xa instalado ena capital francesa, optou pola condición de exiliado político cando non quixo renovar o seu

pasaporte na embaixada imperial rusa, Schumann personificou o ideal do artista solitario entregado únicamente á súa verdadeira paixón: a música.

Porén, Schumann non foi un daqueles artistas románticos que con frecuencia practicaban a extravagancia coma maneira de épater le bourgeois. Crítico cos "radicais", escribiu contra Chopin e Berlioz na revista que fundara, *Allgemeine Musikalische Zeitung*. Estaba lonxe do noxo vital, batizado coma spleen por Baudelaire, que eses radicais sentían fronte á cidade e á sociedade e que non deixaba de ser unha manifestación de rebeldía fronte ao materialismo da alta burguesía dominante.

Uns radicais que, malia o individualismo, tiñan capacidade dabondo para teorizar e iluminar os profundos cambios sociais que estaban a suceder. Quizais cómpre regresar ás reflexións que fixo Baudelaire verbo da estética moderna nas súas crónicas dos Salóns de 1845, 1846 e 1859 e, moi especialmente, no seu ensaio *O pintor na vida moderna*. Sen esquecer ao Schumann das cancións, do cromatismo dos seus Carnavais ou da gravidade dos seus *Réquiem*s.

Arquetipos románticos

Dous séculos de Robert Schumann

JOAQUIM VENTURA

